

D É C I M A

MOSTRA DE  
TEATRO AMADOR

Terras do Orcellón 2017

TÓDALAS FUNCIÓNS  
COMEZARÁN ÁS**20:00**NO AUDITORIO MUNICIPAL  
DO CARBALLIÑO

Presenta

**01 - OCT****Deus, unha comedia**

Fauna 113.

**08 - OCT****Hotel Desencanto**

Hipócrita Teatro.

**15 - OCT****O Cadro é ser Feliz**

Trasluz, Teatro.

**21 - OCT****Menciña rica... rica**

Delaute Prod.

**22 - OCT****Balas sobre Broadway**

Achêdego Teatro.

**28 - OCT****Cantos contos**

¡Abran Paso!

**29 - OCT****Terapia de Bar**

O Aluruxo de Melpómene.

**04 - NOV****Cousas de matrimonio**

Max Teatro.

Subvencionada por :



## CALENDARIO DE ACTUACIÓNS

<b>OUTUBRO</b>	<b>OBRA</b>	<b>COMPAÑÍA</b>
1	<b>Deus, unha comedia.</b>	<i>Fauna 113.</i>
8	<b>Hotel Desencanto.</b>	<i>Hipócrita Teatro.</i>
15	<b>O cadro e ser feliz.</b>	<i>Trasluz Teatro.</i>
21	<b>Menciña rica... rica.</b>	<i>Delatoute Prod.</i>
22	<b>Balas sobre Broadway.</b>	<i>Achédego.</i>
28	<b>Cantos contos.</b>	<i>¡Abran Paso!</i>
29	<b>Terapia de bar.</b>	<i>O Aturuxo de Melpómene.</i>
<b>NOVEMBRO</b>		
4	<b>Cousas de matrimonio.</b>	<i>Max Teatro.</i>

Tódalas funcións comezarán ás oito da tarde no Auditorio Municipal do Carballiño.

## LIMIAR

Novamente, igual que na pasada edición, queremos traer aquí a Acta do Xurado desta X Mostra de Teatro Amador para o voso coñecemento:

*No Carballiño, no día de hoxe, nove de Agosto de dous mil dezasete, reunido o Xurado da X Mostra de Teatro Amador “Terras do Orcellón” 2017, logo de examinadas as obras remitidas, fáiselle chegar a Tiruleque, Grupo de Teatro, a presente acta na que se expoñen as seguintes consideracións:*

*Das vinte e tres propostas recibidas por parte de vinte e un grupos de teatro, este xurado viuse na obriga de excluír unha obra por carecer de soporte dixital nin enlace para poder examinala, o que imposibilitou a súa cualificación.*

*Que este xurado fai súas as exposicións dos compañeiros do ano pasado, lamentando ter que escoller soamente cinco obras, debido a boísima calidade da maioría dos traballos achegados. Con todo, e coa meirande obxectividade posible, fíxose unha escolma coas obras que consideramos que reúnen un bo equilibrio entre o texto, a posta en escena e o traballo dos actores-actrices.*

*Visualizadas as obras, foron escollidas as seguintes:*

<b>Balas sobre Broadway</b>	de Achádego Teatro * Lugo
<b>O cadro e ser feliz</b>	de Trasluz Teatro * Mos (Pontevedra)
<b>Deus, unha comedia</b>	de Fauna 113 * Vigo (Pontevedra)
<b>Hotel Desencanto</b>	de Hipócrita Teatro * Lugo
<b>Terapia de bar</b>	de O Aturuxo de Melpómene * Narón (A Coruña)

*Lamentamos ter que deixar fóra da escolma unha serie de traballos como Cantos contos, Cousas do matrimonio, Anónima 18 ou Mátame que eu non podoo, entre outras máis, todas as que eran merecentes de ser seleccionadas, non embargante -insistimos novamente- o ter que circunscribirmos a cinco traballos obríganos a desbotalas.*

*É unha mágoa que as condicións económicas nas que ten que moverse Tiruleque coarten a posibilidade de engrandecer esta Mostra, cando era de esperar que neste décimo aniversario os patrocinadores da mesma (Concello do Carballiño ou Deputación de Ourense) se amosaran máis receptivos e aumentaran o seu investimento, liberando en certo modo a carga dos xurados que teñen que rexeitar moitas das veces obras de grande mérito debido á limitación que lle impón indirectamente a falta de fondos.*

*Feitas estas manifestacións, esténdese a presente no lugar e data anteriores.*

E outra vez Tiruleque, Grupo de Teatro, ten que solicitar un sacrificio económico e particular ós seus compoñentes para poder aumentar o número de grupos a participar nesta Mostra. E así poderemos contar amais con Abran Paso de Ourense (Cantos contos), Max Teatro de Ferrol (Cousas de matrimonio) e a intervención desinteresada de Delatoute Prod. de Ourense (Menciña rica...rica), que podemos sumar ó programa deste ano.

Viva o Teatro!

1 de Outubro de 2017

**FAUNA 113**

**Teatro**

(Vigo)

presenta

**D E U S**

**Unha comedia**



Adaptación e Dramatización de Fauna 113 sobre textos de Woody Allen

¿E se uns actores calquera decidisen facer o que libremente lles peta sen ter en conta o guión? ¿Que lle parecería ao autor? ¿Seremos todos actores dunha inmensa obra de teatro creada por un deus cun sentido do humor bastante absurdo?

### **ELENCO**

Pablo Rodríguez    Rolando Sánchez  
Iris Darriba        Belén Yáñez  
Bea Gea             Ana Casal  
Begoña Rodríguez    Patricia Meira

### **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección    *Marcos Alonso e Fernanda Barrió*  
Luces e Son    *Marcos Alonso*

Duración: 60 minutos.

Comedia.

8 de Outubro de 2017

**HIPÓCRITA TEATRO**

(Lugo)

presenta

**HOTEL DESENCANTO**

Texto: María José García



O Hotel Desencanto non é o mellor lugar para vivir situacións idílicas. Sen embargo, os seus hóspedes semellan ignoralo. Todos, ou case todos, chegan ó hotel co ánimo de gozar dunha estancia agradable. Lograrano?.

**ELENCO**

Natalia Fernández   Óscar Bello  
Lorena Lavandeira   Teo García  
Óscar Alba   Inés Agromartín  
María García   Carlos Rebolo  
Juan José Rivas

**EQUIPO TÉCNICO**

Dirección   Carlos Rebolo

Duración: 60 Minutos.

Comedia.

15 de Outubro de 2017

## TRASLUZ TEATRO

(Mos)

presenta

### **O CADRO E SER FELIZ**

Texto: Pablo Carrera Simón



***O Cadro e ser feliz*** é un retrato, en clave de comedia, sobre o desconcerto e o caos no que viviu e continúa vivindo esta xeración, que se sente perdida, triste e estafada por unha sociedade corrupta ata a medula e que lle deu as costas sen ningún tipo de remorsos.

As personaxes que habitan a peza, dentro deste mundo de tolemia e decadencia que presentou o século XXI, tratan de seguir adiante para atopar os motivos que cada un necesita para ser feliz. Poñendo de manifesto a importancia do amor e da amizade nunha loita constante contra a hipocrisía e a derrota.

#### **ELENCO**

Pablo Carrera	<i>Samuel</i>	Miguel González	<i>Eduardo</i>
Sara Ferro	<i>Helena</i>	Aldán Dacosta	<i>Yorch</i>
Uxía Algarra	<i>Estela</i>	Noelia González	<i>Inma</i>

#### **EQUIPO TÉCNICO**

Dramaturxia e Dirección	<i>Pablo Carrera</i>
Espazo escénico	<i>Pablo Carrera e Vanessa A. Grahovec</i>
Vestuario	<i>Trasluz Teatro</i>
Iluminación e Espazo sonoro	<i>Vanessa A. Grahovec</i>
Deseño gráfico e Fotografía	<i>Andrea Alonso</i>

Duración: 80 minutos.

Comedia.

21 de Outubro de 2017

**DELATOUTE PROD.**

(Ourense)

presenta

**MENCIÑA RICA... RICA**

Texto: Carlos Pérez



Aurora é unha nova doutora con moitas ganas de prosperar. A chegada de Graciano e Hilario á súa inaugurada consulta médica porá a súa vida do revés.

**ELENCO**

Esther Casal	<i>Aurora Balíño</i>
Julia Domínguez	<i>Naí de Aurora</i>
Roberto De la Torre	<i>Graciano Menéndez</i>
Martín Álvarez	<i>Hilario Vengaleche</i>
Carlos Pérez	<i>Cura</i>
Hanny Alcequier	<i>Carolina</i>

**EQUIPO TÉCNICO**

Dirección	<i>Carlos Pérez</i>
Escenografía e Ambientación	<i>Queixumes dos Pinosw</i>
Vestuario e Atrezo	<i>Delatoute Prod.</i>
Iluminación e Son	<i>Rubén Prieto e Alicia Sánchez</i>

Duración: 60 minutos.

Comedia.

22 de Outubro de 2017

## ACHÁDEGO TEATRO

(Lugo)

presenta

### BALAS SOBRE BROADWAY



Dramaturxia /Adaptación: Tareixa Campo / Antón Sampaio

O humor é base permanente na obra, á crítica á pseudo-intelectualidade que ás veces rodea ao mundo da cultura, o teatro dentro do teatro, gánsters, música, baile... conforman esta obra que Achádego nos presenta nos anos vinte do pasado século, en plena lei seca daquela Norte América, chea de vicios e falso puritanismo

#### ELENCO

Anxo Manuel	<i>David Shayne</i>	Lourdes Abuide	<i>Julianne Marx</i>	
Charlie Fernández	<i>Rocco / Flender</i>	Elena Velasco	<i>Rapaza roupeiro h</i>	
Simón Onterniente	<i>Nick Valentí</i>	Elena Velasco	<i>Sanny Loomís / Olive</i>	
Nita Fernández	<i>Olive Neal</i>	Elena Velasco	<i>Afeccionada / Garda-roupa</i>	
Laura Fernández	<i>Helen</i>	Antón Sampaio	<i>Cheech</i>	
Isabel Diéguez	<i>Rita / Venus / Camareira</i>	Isabel Diéguez	<i>Voz Josette / Afeccionada</i>	
Tareixa Campo	<i>Helen Sinclair</i>	Eliseo Pintado	<i>Mitch Sabine</i>	
Suso Meilán	<i>Warner Purcell</i>	Isa Herrero	<i>Eden Brentd</i>	
	Danza Ritmolugo	Coristas		
	Extras en Escenas de Vídeo	: <i>Gánsters</i>		
Gerardo Fdez	Alberto Pérez	Adolfo Martín	Jorge Alba	Brian Rdgz.
	Jesús Mato	<i>Sacerdote</i>		

#### EQUIPO TÉCNICO

Dirección	<i>Antón Sampaio</i>
Coreografías	<i>Escola de Danza Ritmolugo</i>
Vestiario	<i>Marga Portomeñe</i>
Técnico de Iluminación	<i>Camilo Santos</i>
Técnico de Audiovisuais	<i>Adolfo Marín</i>
Efectos Audiovisuais e Vídeo	<i>Fundación Tíc</i>
Deseño de Iluminación / Escenografía	<i>Achádego</i>
Caracterización / Maquillaxe / Escolma Musical	<i>Achádego</i>

Duración: 90 minutos.

Comedia



28 de Outubro de 2017

**¡ABRAN PASO!**

(Ourense)

presenta

## **CANTOS CONTOS**

Adaptación e versión libre en galego: Esther Movilla-Castillo e Abran Paso!



**Cantos Contos** presenta situacións de amor e desamor dende perspectivas moi variadas e, a veces, politicamente incorrectas, sempre dende o humor e a ironía, chegando á parodia. Amor tolo, amor verdadeiro, amor obsesivo, o primeiro amor... cos ingredientes máis atractivos do sentimento amoroso: amantes, desexos, paixón, desenganos, infidelidades, plans de futuro...

### **ELENCO**

Guadalupe López    María Jesús Vázquez  
Lorena López      Nieves Pérez  
Carlos "Otis"      Ricardo Manso

### **EQUIPO TÉCNICO**

Dirección / Música / Son e Iluminación    *Carlos "Otis"*  
Escenografía / Maquillaxe e Perruquería    *¡Abran Paso*  
Vestuario e Atrezzo                            *¡Abran Paso!*

Duración: 70 minutos.

Comedia.

29 de Outubro de 2017

## O ATURUXO DE MELPÓMENE

(Narón)

presenta

### TERAPIA DE BAR

Creación colectiva do propio grupo



O bar "Da costa" non está na costa. É un bar perdido no medio do monte, lonxe de calquera sitio, onde rara vez para ninguén e cando o fai, non volve nunca máis. A propietaria do bar e os seus dous únicos clientes habituais, movidos polo aburrimiento e tamén polo seu desequilibrio psíquico, deciden converterse en salvadores da humanidade e elaboran un plan para eliminar do mundo os vicios que segundo eles son os culpables de todos os males do ser humano: o xogo (Aínda que sexa a brisca), os avances tecnolóxicos (Aínda que só sexa unha chamada polo móbil) e a ambición desmesurada polo diñeiro (Aínda que o único síntoma sexa non deixar a propina axeitada.). **Terapia de bar** non é "A matanza de Texas", pero coidado, tampouco é "La casa de la Pradera". Se se atreven, visiten o "Bar Da Costa".

#### ELENCO

Juanín Ares Gondell    Xosé M. Felpeto  
Chabi Hernández    Maite Da Costa  
Chus Olivares    Ruth Fernández  
Dirección    José Prieto

Duración: 75 minutos.

Comedia de terror, vicios e manías.

4 de Novembro de 2017


**MAX TEATRO**

(Ferrol)

presenta

**COUSAS DE MATRIMONIO**

Tradución e Adaptación: Max Teatro.



Na vida dun matrimonio, unha simple chispa pode causar un gran incendio, entón aparece a marabilla da ciencia: os extintores.

**ELENCO**

Anuska González *Ana*

Yuyi Bastida *Suso*

**EQUIPO TÉCNICO**

Dirección *Yuyi Bastida*

Escenografía e Atrezzo *Max Teatro*

Tremoia / Técnico de Luz e Son *Fran "Bolu"*

Duración: 60 minutos.

Comedia.

